

Manuel Antonio Martínez Murguía naceu o 17 de maio de 1833 no lugar de Froxel, na parroquia de Oseiro, en Arteixo (A Coruña), cando a súa nai ía visitar o Santuario de Pastoriza.

En 1845 a familia marchou a Santiago de Compostela, onde Manuel rematou o bacharelato e a carreira de Filosofía, comezando cos estudos de Farmacia que non deu rematado.

Os seus verdadeiros intereses estaban na literatura e na historia, facendo tertulia no «Liceo de la Juventud», con Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre.

Cinco anos depois marchou a Madrid onde traballou nos xornais *La Iberia* e *Las Novedades*. Nesta cidade coñeceu a Rosalía de Castro, coa que casará en 1858, e á que animou á publicación de *Cantares Gallegos*, obra considerada como a iniciadora do Rexurdimento literario galego.




A vida cultural de Murguía é enorme: foi Cronista Oficial do Reino de Galicia, dirixiu o Arquivo de Simancas, fundou a Real Academia Galega, da que foi elexido presidente, dirixiu *La Ilustración Gallega y Asturiana*, o xornal *La Región* e, con Alfredo Brañas, *La Patria Gallega*, publicou o *Diccionario de escritores gallegos*, *O rexionalismo galego*, a *Historia de Galicia*, que non chegou a rematar, e unha chea de artigos en revistas e boletíns.

Faleceu na súa casa da Coruña, o 2 de febreiro de 1923, sendo soterrado no cemiterio de Santo Amaro desta cidade.



MANUEL MURGUÍA

1833-1923



«Coruñeses:
Morreu onte o ilustre escritor, historiador e publicista D. Manuel Murguía, chamado por autonomasia o Patriarca das Letras Galegas.


A súa morte representa a perda dun gran home, dun home cume, símbolo da Galicia intelectual.

Coruñeses: Morreu o Patriarca das Letras Galegas, Sr. Murguía. Honrade ao finado, e honrándoo, honraredes a Galicia, que hoxe perde á máis alta personificación do seu valer.»

Manuel Casás Fernández
Alcalde da Coruña



I CENTENARIO DO SEU PASAMENTO

 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

 XUNTA
DE GALICIA